

# Xesús R. Jares

## Vivir a democracia nas aulas

Nunha escola rural da provincia de Ourense descobre que a maneira máis efectiva de relacionarse cos alumnos é crear un ambiente afectivo e de liberdade. Para el educar significa apreixar esta idea e facer dela, máis que un principio pedagóxico, unha forma de vida que transcenda a aula e o centro. Considerado como o pai da Educación para a paz, defende unha escola pública, laica e asentada nos principios democráticos e nos valores dunha cultura de paz e non violencia.

**Gena Borrajo**, directora de Eduga  
**Fernando Bellas**, fotografía

### **Hai tanta violencia nos centros como se afirma dende algúns sectores?**

De ningún modo. Levamos anos denunciando esa teoría infundada de que os centros educativos son espazos dominados pola violencia. É certo que nalgúns se producen accións violentas, especialmente entre os rapaces. Pero os datos das investigacións proban que é minoritaria, moi especialmente a que recibe o profesorado. Hoxe o realmente preocupante é a situación de indisciplina, que é algo moi diferente da violencia. Isto si

constitúe un dos maiores problemas que debemos atallar, e no que tamén teñen responsabilidade as administracións, o profesorado e as familias do alumnado, e non só o alumnado.

### **A súa análise contradí as cifras do Informe Cisneros, segundo o cal un de cada catro alumnos sofre acoso escolar e no Estado español hai 225.000 profesores que padece violencia**

Desgraciadamente este informe é un bo exemplo do que non se debe facer, tanto

dende o punto de vista científico como social. Sobre o primeiro, mestúranse categorías metendo nun mesmo saco dende unha pelexa ocasional, ou un insulto, ao chamado *bullying*. Tampouco se precisan os conceptos, obxecto de análise, e hai unha grande disparidade nas mostras dos diferentes cursos. Dende o punto de vista social é igualmente negativo pola alarma innecesaria que xera, e porque desvaloriza indirectamente a escola pública, creando vacilacións e dúbidas en determinados sectores da



poboación. Tampouco podemos obviar a operación económica e ideolóxica que agacha este informe.

**Que debe facer a escola de hoxe para construír de modo efectivo unha cultura de paz?**

A cultura de paz incide en todos os ámbitos do currículo e da organización escolar. Non se trata só de formar os estudantes no rexeitamento da violencia, debemos darlle prioridade, ademais, á construción de relacións de paz. Isto significa fomentar o respecto e a afectividade, vivir a democracia e os dereitos humanos no día a día das aulas e do centro, practicar a solidariedade e empregar as técnicas de resolución non violenta dos conflitos. A proposta leva consigo un compromiso do profesorado como educador e unha concepción

cooperativa e participativa do centro, xunto aos outros sectores que forman a comunidade educativa.

**Non cre que hoxe hai demasiados elementos en contra para logralo?**

Dende logo que si. Un deles é a propia organización do profesorado, especialmente do de secundaria, onde segue a ser moi difícil o traballo en equipo. Nisto a responsabilidade é do propio profesorado, pero tamén da Administración educativa que parece que non pon os medios para remedialo. Gustaríame saber cantas intervencións da Inspección Educativa se producen para asesorar, animar e facer o seguimento do traballo cooperativo de proxectos innovadores. Tampouco axuda a propia sociedade, na que a violencia e a indiferenza baten contra os valores e a

cultura de paz. A complexidade e diversidade na que transcorre a función docente, hoxe moito máis traballosa que hai vinte anos, constitúe outra dificultade. Pero, a pesar de todo, son moitos os profesores e profesoras que, individualmente ou en equipo, conseguen sacar adiante traballos moi interesantes ligados á cultura da paz e a convivencia democrática.

**A chegada de diversidade cultural ás aulas galegas require novas estratexias para fomentar esta cultura de paz á que vostede se refire?**

A chegada da diversidade, como vostede di, refírese á incorporación ao noso sistema educativo dos fillos dos inmigrantes. Non obstante, non podemos ocultar que antes deste proceso inmigratorio nós xa tiñamos diversidade cultural cos nenos galego falantes, que non se atenderon na súa lingua ata hai ben pouco. Non podemos esquecer que nas lexislaturas anteriores a moitos pais se nos negou o dereito de escolarizar os nosos fillos en galego. Pero, ademais, tamén está a cultura xitana que tampouco aparece no currículo escolar. Así pois, para sermos máis precisos, debemos falar da nova diversidade cultural que estamos a vivir cos inmigrantes nun país xa diverso culturalmente. A Administración educativa debe poñer os recursos humanos necesarios para facilitar a dita integración coas mesmas garantías e dereitos que os nados aquí.

**Hai algún límite no que atinxe ao respecto cara a culturas diferentes á nosa, ou calquera manifestación debe ser aceptada?**

Os límites están claramente determinados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na propia Constitución. Os centros educativos deben facilitar a integración da diversidade cultural, pero ningunha proclama de defensa da tradición cultural, ou de determinadas prácticas relixiosas poden manterse, se van contra a dignidade e a igualdade recollidas nos documentos mencionados. A integración da diversidade ten ese límite, que vén establecido polo respecto ás regras e valores do estado democrático e laico. Neste tema debemos ser claros e contundentes fronte a determinadas posicións multiculturalistas. A historia tennos sinalado, por exemplo, que determinadas tradicións atentan contra a dignidade das mulleres, e que o culto a

## **Educación nunha cultura de paz leva consigo o compromiso do profesorado como educador e unha concepción cooperativa e participativa do centro**


determinadas identidades excluíntes acaban sendo caldo de cultivo propicio para xenocidios.

**Cree que a materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos contribuirá a mellorar o clima de convivencia nos centros?**

Sen dúbida. A nova materia reffrese explicitamente á mellora do ámbito de relacións. Fala de convivencia democrática, de resolución non violenta de conflitos, de impulso da cultura de paz, etc. Formar persoas autónomas, responsables, con capacidade de reflexión e decisión, son tamén aspectos centrais do concepto de cidadanía que van incidir na mellora da convivencia, tanto no centro educativo como na sociedade.

**Pero necesitarase algo máis que a materia...**

Así é. Non podemos pensar que a simple incorporación ao currículo, e nun horario escaso, vai resolver todos os problemas de convivencia. A Educación para a Cidadanía é un elemento máis para a súa mellora, pero hai que recorrer a outras actividades, como a hora semanal de tutoría, tan importante para reforzar as boas relacións nos centros. Ben entendido





que nesta perspectiva non teñen cabida as titorías convertidas en horas de recreo encuberto, ou en tempos destinados a facer os deberes, senón en momentos dedicados a que o alumnado se descubra a si mesmo, descubra os demais e aprenda a convivir en paz e harmonía.

### **Corremos algún risco de que a Educación para a Cidadanía se converta nunha “maría”?**

Ese risco sempre se corre. A escasa carga docente coa que finalmente queda é xa un atranco neste sentido. Unha hora semanal en secundaria é moi pouco para a importancia dos contidos que se teñen que desenvolver. Convén non caer na tentación de utilizar o tempo dedicado a esta materia para completar o horario do profesorado. Por outra banda, debe ensinárselle e avaliarse coa mesma seriedade que calquera outra disciplina. Pero, ademais, hai un aspecto clave, que é a formación e a actitude do profesorado. Neste ámbito non podo ocultar unha grande preocupación pola ausencia, no eido estatal e autonómico, de iniciativas de formación para os profesores e profesoras que a van impartir. De igual maneira, coido que debería contemplarse un plan de seguimento e avaliación, tanto en primaria como en secundaria, para contrastar a súa incidencia na formación dos estudantes.

### **Tamén se suscitou algún debate sobre quen debe impartila...**

Efectivamente, cando o MEC presenta o Anteproxecto da LOE no que aparecía esta nova materia, saltaron voces que a

## **Nas horas de titoría o alumnado debe descubrirse a si mesmo, descubrir os demais e aprender a vivir en paz e harmonía**

reivindicaban para a súa área de coñecemento. Especialmente belixerante foi a posición dun sector importante de filósofos. Non obstante, dende posicións corporativistas é moi difícil contribuír con criterios globais e de xustiza sobre o que é máis relevante para unha materia. Ademais, os seus contidos achéganos disciplinas diversas, fundamentalmente a filosofía, a socioloxía, o dereito e a historia. Por iso, no primeiro ciclo de secundaria podería ser impartida polo profesorado de Ciencias Sociais ou de Filosofía, mentres que en cuarto de ESO a Educación Ética-Cívica debe seguir dándoa o profesorado de Filosofía, e no bacharelato, a Filosofía e Cidadanía, tamén. En primaria debe corresponderlle ao titor, o que lle permitirá unha maior conexión co seu labor formativo.

### **Iso no que toca á cualificación profesional, pero precísase algunha cualidade máis? Cal é para vostede o perfil do profesor idóneo?**

Insisto de novo na necesidade de que todo o profesorado desta nova materia teña unha formación axeitada, tanto dende o punto de vista conceptual, como metodolóxico e actitudinal. Pero a dita formación debería ter como referente o perfil de profesor idóneo polo que me pregunta, e que, na miña opinión, non difire do modelo ideal de profesor ou profesora: ilusionado coa nova materia e coa profesión; comprometido cos valores democráticos, co estado laico e cos dereitos humanos; coñecedor dos seus contidos e dos recursos didácticos que primen o diálogo, a escoita activa, a formulación de dilemas morais, a análise e a intervención nos conflitos da vida cotiá, a autoestima e *apoderamento* e o respecto aos outros.

### **A materia ten provocado moita polémica...**

Si, sobre todo por parte da Igrexa, que a entende como un ataque ás posicións de privilexio que tivo sempre no ámbito da educación, en xeral, e da educación

moral, en particular. A Igrexa católica non se ten caracterizado, precisamente, pola defensa dos dereitos humanos e as liberdades democráticas. Pensemos no que sucedeu, por exemplo, na ditadura franquista á que apoiou sen reservas. Neste contexto os bispos utilizan catro argumentos para pedirles ás familias a obxección de conciencia á nova materia.

### **Cales son eses argumentos?**

En primeiro lugar, a Conferencia Episcopal Española (CEE) equipara a formación moral co ensino da relixión e moral católica, unha apropiación inaceptable de gran carga fundamentalista. Porque unha cousa é a formación moral e cívica para o conxunto da cidadanía, e outra moi diferente a educación moral nunha determinada relixión, moi ligada ao adoutrinamento. En segundo lugar, non lle recoñece capacidade ao Estado para “a formación da conciencia moral”. Un argumento tan contundente como perigoso para a democracia, porque intenta retirarlle ao Estado o deber e o dereito de educar dende e para a democracia. En terceiro lugar, trata de confundir a liberdade de elección que teñen os pais para que os fillos reciban ensino dunha relixión ou de ningunha, coa necesaria educación cidadá para todos. Por último, a CEE sinala como ensinanzas contraditorias a Educación para a Cidadanía e a materia de Relixión Católica, unha afirmación moi clara da súa posición e unha das máis arriscadas.

### **Por que o cre así?**

Porque unha cousa é que se afirme que hai diferentes visións en determinados temas –homosexualidade, parellas de feito, ideoloxía de xénero, ou a súa idea de verdade–, e outra moi diferente situar ambas as materias como incompatibles. En definitiva, a igrexa católica ten que nos dicir se acepta o estado democrático laico, no que non hai ningunha relixión oficial, pero no que se garante o exercicio de todas as relixións no ámbito persoal e privado.

## **Que lles diría, logo, ás persoas que animan á obxección?**

Que é unha chamada irresponsable e ilexítima. Irresponsable, porque se trata dunha materia obrigatoria e, ao non cursala, non se poden obter os títulos correspondentes. Neste sentido, o Estado verase na obriga de arbitrar medidas fronte ao desacato. Ilexítima, porque pretende obxectar unha lei aprobada democraticamente polo Parlamento e sobre a que non existe o dereito de obxección.

## **E como se pode orientar as familias ante esta maraña de informacións contraditorias?**

As familias suxírolles que lean os obxectivos e os contidos da nova materia e comprobarán que non é verdade que se tente adoutrinar os seus fillos, senón que se trata de explicarlles as distintas realidades sociais e normativas que inciden e rexen a nosa convivencia democrática. Tamén lles diría que a Educación para a Cidadanía non vai contra a moral cristiá. De feito, a FERE (Federación Española de Religiosos da Ensinanza) impártea nos seus colexios, e con moito pesadume para a CEE. Da mesma maneira, teólogos e diversos centros relixiosos teñen manifestado o seu apoio a esta materia. Pero o maior argumento é que a democracia necesita unha educación democrática, e para este cometido a materia de *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* pode erixirse nun dos seus piares.

## **A transversalidade queda fóra dos novos contidos?**

Este é un falso debate que dende o principio intentamos desinflar. A Educación para a Cidadanía non é incompatible co mantemento e afondamento dos temas transversais. Son apostas curriculares que se complementan, e ambas necesitan apoios políticos e económicos para o seu

## **A Educación para a Cidadanía e os temas transversais son apostas curriculares que se complementan**

desenvolvemento. A transversalidade compromete a todo o profesorado en dous obxectivos irrenunciábeis: a formación cidadá do alumnado e a imprescindible colexialidade. A nova materia garante que a totalidade do alumnado reciba unha educación en valores democráticos, ademais de reforzar os contidos dos temas transversais. Polo tanto, lonxe de ser estratexias incompatibles, son iniciativas que se reforzan mutuamente.

## **Que opinión lle merece o Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia?**

A valoración global é, sen dúbida, positiva. Por primeira vez a Administración autonómica asume un plan destas características. Isto xa é importante como punto de partida, pero a súa virtualidade e eficacia vai depender das medidas que se adopten para concretar os seus ámbitos de actuación, e dos recursos humanos e económicos que se mobilicen para facer que funcione. Considero que o documento ten unha lagoa importante no que atinxe ao tratamento dos casos excepcionais de indisciplina e/ou violencia que, sendo minoritarios, si se dan nos centros, e precisarían recursos humanos especializados, medidas organizativas e o establecemento de relacións interinstitucionais para resolvelos. Por último, boto de menos unha maior concreción no tema da formación, tanto do profesorado, como dos inspectores e das familias.

## **Das familias?**

Si. Hai un lapso no esquecemento da

formación das familias que debería ser emendado, dada a súa importancia na convivencia dos centros e no propio contorno familiar. As familias non só deben participar nos diferentes ámbitos nos que teñen dereito, tamén deben recibir formación. A experiencia positiva que tivemos neste sentido co programa “Aprender a convivir”, do Concello de Vigo, debería ser considerada agora.

## **E o Observatorio Galego da Convivencia, cre que será todo o efectivo que cabe esperar?**

A efectividade deste tipo de órganos colexiados vai depender moito da vontade política dos seus reitores, así como tamén da calidade formativa e o compromiso das persoas que os forman. Daquela está por ver se realmente vai ser un órgano que cumpra cos fins para os que foi creado, ou se queda noutro órgano máis formalizado e burocratizado, sen ningunha incidencia na mellora da convivencia dos centros educativos. En principio temos que ter esperanza e confiar en que realmente vai ser efectivo, aínda que hai aspectos mellorables que non se tiveron en conta á hora de regulalo.

## **A que aspectos se refire?**

Por exemplo, á súa composición. Penso que a representación de estudantes debería ser maior, e que habería que contemplar a presenza dos movementos de renovación pedagóxica, sempre tan comprometidos coa innovación, a democratización e a educación para a paz e a convivencia nos centros. No que toca ao Observatorio da Convivencia de Centro, a representación do alumnado e das nais e pais é escasa, e claramente desproporcionada, fronte á que ten o profesorado. Considero insuficiente, así mesmo, unha reunión anual do Pleno do Observatorio galego. Abordar, propoñer e fomentar a convivencia para toda a comunidade educativa galega, e ser un referente para a mesma, xustifican, polo



menos, dúas reunións ordinarias ao ano. Por último, boto de menos unha partida específica dos orzamentos da Consellería para os gastos de funcionamento e para os labores de investigación que se lle adxudican aos observatorios. Con todo, como dixen antes, é unha proposta esperanzadora.

**Referiuse ao Observatorio galego e ao Observatorio de centros. Quere matizar algo sobre o Observatorio provincial?**

Si. Neste ámbito non entendo por que a composición do Pleno do Observatorio provincial da Convivencia deixa fóra representantes da comunidade educativa que si están no Observatorio galego e nos de centro. Os observatorios provinciais, a escala máis reducida, deberían manter o mesmo espírito e composición que o Pleno do Observatorio galego. O feito de ter espazos xeográficos de actuación diferentes, non debería mudar a súa filosofía, nin supoñer ningún tipo de duplicacións.

**Aínda así cre que estas iniciativas lograrán inverter os datos actuais de escasa participación?**

Tanto como inverter a situación da participación teño as miñas dúbidas, porque non podemos agachar que os grandes déficits de participación que se están a producir nos centros educativos, como na sociedade en xeral, teñen diferente causalidade (papel das administracións, normativas, resposta do colectivo docente, cultura imperante, etc.). Pero por suposto que axudarán a reavivala, a pesar dalgunhas das eivas comentadas. Por outra parte, o tema da convivencia é de tal importancia e está tan vivo nos centros que, salvo erro, van ser iniciativas que axudarán a fomentar a participación. A clave, sen dúbida, vai estar no funcionamento dos observatorios da convivencia dos centros.

**Algunhas das súas obras**

*Técnicas e Xogos cooperativos para todas as idades.* Vigo, Xerais. 2005, 3ª ed.

*Educación para la paz. Su teoría y su práctica.* Madrid, Popular. 2005, 3ª ed.

*Educación e dereitos humanos. Estratexias didácticas e organizativas.* Vigo, Xerais. 1998. Edición en castelán na Ed. Popular. Madrid, 2002. 2ª ed.

*Aprender a convivir.* Vigo, Xerais. 2006. 3ª ed.

*Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia.* Madrid, Popular. 2001. 2ª ed. (2007).

*Educación para la verdad y la esperanza. En tiempos de globalización, guerra preventiva y terrorismo.* Madrid, Popular. 2005. 2ª ed.

*Pedagogía de la convivencia.* Barcelona, Graó. 2006.

**Argumentos e paixón dun mestre**

Detrás dunha imaxe sosegada e tranquila, logo descubrimos unha persoa activa e de firmes conviccións. A súa mellor arma é a palabra e os argumentos, que emprega contra todo o que poida traizoar a escola pública e os principios democráticos. Iníciase como mestre na década dos oitenta e ten moi presente o día en que se viu diante de dez rapazas e rapaces na escola unitaria de Montederramo, en Ourense. Dende aquela dí estar namorado e comprometido coa súa profesión, cousa que constatamos á vista da paixón que amosa ao falar dunha escola para todos. Hoxe, este catedrático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Coruña, trata de inculcar esa paixón aos seus alumnos e alumnas, que, en pouco tempo, terán a enorme responsabilidade de educar para unha cidadanía libre, responsable e pacífica.

Suso Jares, como se coñece entre compañeiros e amigos, é membro fundador de Nova Escola Galega. Coordinador de Educadores pola paz dende a súa fundación en 1983, está recoñecido como a persoa que máis e mellor fundamentou e difundiu a educación para a paz en España.

